
***Gramática da Lingua Galega*, de Rosario Álvarez e Xosé Xove (2002). Vigo, Galaxia**

Poucos meses despois da saída ao mercado editorial do *Manual de Gramática da lingua galega* de Xosé Ramón Freixeiro Mato, unha versión que sintetiza, sobre todo pola redución do aparato crítico, en 269 páxinas as case 1500 dos tres volumes anteriores, ofrecendo unha obra de aprendizaxe e consulta máis áxil e dirixida a un público máis amplo e heteroxéneo que a anterior, ve o lume unha nova *Gramática da Lingua Galega* de case 800 páxinas que pretende responder ás exixencias de accesibilidade e sentido práctico, dirixíndose tamén, aínda que non só, a persoas non especialistas na materia. A oportunidade da publicación de cantos textos contribúan a describir e analizar desde as máis diferentes perspectivas a gramática do noso idioma só merece parabéns aos seus autores por parte de todas as persoas comprometidas coa lingua e, fundamentalmente, daquelas que traballamos con ela no ámbito da educación.

Probablemente a extensión da obra obrigou á eliminación tanto de necesarias xustificacións teóricas (que poderían terse articulado como unha presentación inicial de maneira similar á renovadora *Nova Gramática para a aprendizaxe da lingua* ou ser incluídas no capítulo introdutorio), como dun aparato crítico en que se observasen as debidas contraídas e se contrastasen os seus posicionamentos con aqueles outros que algúns investigadores fixeron públicos nos últimos anos. En todo o caso, as frecuentes anotacións entre parénteses e as pormenorizadas explicacións ofrecen ao público lector unha interpretación, moitas veces persoal, tal e como se indica no limiar, dos fenómenos lingüísticos que se describen, superando neste sentido a *Gramática galega* que Galaxia publicara en 1986, con que comparte non só unha das autoras do texto, senón tamén unha mesma tradición filolóxica e investigadora ligada ao Instituto da Lingua Galega e aos criterios normativos defendidos por esta institución.

O volume componse de sete apartados precedidos por un breve limiar e seguidos dunha relación de abreviaturas e o índice xeral. O primeiro deles é unha introdución de 9 páxinas onde, por un lado, se dá conta, das diferentes variacións das linguas históricas aclarando as relacións entre unha lingua determinada e o seu estándar, e asumindo, no caso galego, as *Normas* oficiais hoxe vixentes, e, por outra parte, se sinalan as diferencias entre gramática descritiva e prescritiva, aspecto que Rosario Álvarez ten analizado noutras publicacións con anterioridade.

O segundo capítulo dedícase aos sons e a grafía, dividíndose á súa vez en dous grandes apartados: Fonoloxía e Fonética e Ortografía. Cómpre salientar a este respecto, na liña defendida por outros autores, a inclusión de regularidades e tendencias de pronuncia que, sen pretenderen ter unha validez universal, coaduxan na formación dun modelo oral para o noso idioma, tanto no referido ás vogais de grao medio como á falta de recomendación da utilización de fenómenos dialectais como a gheada ou o seseo nos rexistros elevados.

O terceiro capítulo, un dos máis novidosos, dedica, rompendo a habitualidade das gramáticas anteriores, 150 páxinas á descrición da unidade sintáctica de máis alto nivel, a oración. Distánciase aquí o texto do posicionamento de Costa Casas, González Refoxo, Morán Fraga e Rábade Castiñeira, seguido tamén por Freixeiro Mato, que entenden que a unidade sintáctica superior é a cláusula, sendo outras estruturas sempre recursivas do esquema da cláusula simple, reservando o termo de oración para a unidade non gradativa, equivalente ao tamén denominado como enunciado. Na estruturación interna deste apartado aparecen catro grandes bloques temáticos, se ben o peso maior recae sobre os dous primeiros: os constituíntes oracionais e as clases de oracións compostas, aos que hai que engadir as modalidades oracionais e a negación e a afirmación.

Tras un pequeno capítulo dedicado á frase, encontramos o núcleo forte da obra no capítulo V en que se inclúe a descrición das palabras e os morfemas. Ao longo de 450 páxinas asistimos, tras unha introdución teórica de conxunto, a unha pormenorizada descrición do verbo, substantivo, adxectivo, artigo e pronomes determinantes, pronome persoal, relativos, interrogativos e exclamativos, preposición, conxunción e interxección. A inclusión de cadros e a abondosa exemplificación facilitan a lectura dun texto en que se albisca a importante reflexión teórica previa, sustentada, como os autores indican, na ampla experiencia docente na Universidade. A inclusión de formas non contempladas pola normativa estándar, dando conta da súa existencia en certos rexistros da lingua (“cuxo”, p. 590), e a eliminación (en confronto coa *Gramática Galega* de 1986) de formas sospeitosas de seren castelanismos, como a perífrase formada por *houbera / houbese + participio*, modifica algúns dos postulados defendidos tradicionalmente, ampliando un horizonte de expectativas que, porén, se ven frustradas noutras ocasións. Así, continuamos a constatar a eliminación do futuro de subxuntivo das “realización modais de temporais de cada morfo” (ponto 4.4. do verbo), incluíndose unicamente ao falar do “Subxuntivo non-irreal” no apartado dedicado á categoría de tempo, defendendo que “O Fut. non é unha forma viva polo menos desde mediados do século XIX e non está integrada na conxugación como forma de uso, senón só como unha variante estilística” (p. 295). Aínda nesta liña, e discrepando de traballos que pretendían establecer un uso prescriptivo en determinados contextos, a utilización do infinitivo flexionado é sempre optativa, aspecto reiterado en diferentes ocasións (p.

307 e 309), algo que pode facilitar a súa desaparición ao reducir considerabelmente as súas posibilidades de emprego, e para o Subxuntivo pretérito insístease en equiparar as formas en *-ra* e en *-se*, aspectos que, desde o noso punto de vista, merecerían un tratamento especializado que argumentase ese posicionamento, sobre todo, tras o monumental traballo do profesor Freixeiro, un de cuxos méritos é o diálogo continuo con toda a tradición anterior. Neste sentido, non só sería lóxico dedicar un maior espazo a fenómenos que hoxe contan con monografías particulares de certa relevancia, como a interpolación, senón tamén a explicitación da diversidade de pareceres sobre cuestións polémicas, como a inclusión dos “posesivos de respecto” (p. 478) como formas plenamente galegas, pois, como se adianta no limiar, sen pretender ser unha gramática prescritiva, utiliza con frecuencia o contraste entre o que é correcto, o que é incorrecto e o que é dubidoso.

O sexto capítulo recolle todos os aspectos relativos á formación de palabras, cunha importante achega de exemplos e moitos cadros que clarifican as listaxes sempre áridas de prefixos e sufixos. Canto ao posicionamento xeral, cómpre subliñar a aposta por unha opción en que se establecen unicamente dous tipos: a derivación e composición, suprimindo a sempre polémica formación por parasíntese, reducida, dentro da derivación, a un tipo especial marcado pola circunfixación.

En definitiva, a *Gramática da Lingua Galega* únese ás diferentes existentes até o momento, sendo un produto que coadxuvará nunha maior e mellor utilización do noso idioma, cuxo resultado positivo está garantido polo aval que supón a discusión e aplicación práctica nas aulas do que agora cobra corpo nun texto que se suma ás aínda moitas necesidades desta lingua que moitas e moitos nos empeñamos en defender das agresións do español. Corresponde agora ás futuras xeracións, sen dúbida usuarias deste e doutros textos de carácter filolóxico, o papel de exercitar o seu dereito de utentes dunha lingua que ten que seguir camiñando dotándose de máis recursos que posibiliten a súa recuperación social.

Goretti Sanmartín Rei